

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### COMISIÓN NACIONAL DO MERCADO DE VALORES

- 1330** *Circular 1/2011, do 21 de xaneiro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, pola que se modifica a Circular 12/2008, do 30 de decembro, sobre solvencia das empresas de servizos de investimento e os seus grupos consolidables.*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As conclusións do Consello Europeo e do Ecofin, xunto con outras iniciativas internacionais, como o cumio do G20 do 2 de abril de 2009, destacaron determinadas deficiencias en materia de solvencia que se puxeron de manifesto na crise financeira. Por este motivo, a Comisión Europea desenvolveu diversas iniciativas, entre elas a Directiva 2009/27/CE da Comisión, do 7 de abril, pola que se modifican determinados anexos da Directiva 2006/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta ás disposicións técnicas relativas á xestión de riscos, e a Directiva 2009/83/CE da Comisión, do 27 de xullo, pola que se modifican determinados anexos da Directiva 2006/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta ás disposicións técnicas relativas á xestión de riscos.

Outras directivas sobre esta materia xa aprobadas requiren para a súa incorporación á Circular da Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) unha transposición previa a través dunha norma de rango superior. Non obstante, considerando o prazo de transposición previsto para as directivas mencionadas no parágrafo anterior, 31 de outubro de 2010, e o seu prazo de entrada en vigor, 31 de decembro deste mesmo ano, débese modificar a Circular 12/2008, do 30 de decembro, da CNMV, sobre solvencia das empresas de servizos de investimento e os seus grupos consolidables, para dar cumprimento ás obrigas de transposición contidas nas dúas directivas mencionadas e con independencia dos cambios necesarios que sexa preciso realizar no futuro.

As directivas mencionadas modifican as directivas 2006/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e ao seu exercicio, e 2006/49/CE do Parlamento Europeo e o Consello, do 14 de xuño de 2006, sobre a adecuación do capital das empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito, cuxo contido foi trasposto ao noso dereito a través da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras e, por último, a través da citada Circular 12/2008, do 30 de decembro, da CNMV.

A circular recolle o contido da Directiva 2009/27/CE da Comisión, onde se precisan e aclaran, de forma que a harmonización e transposición das normas en materia de solvencia converxan, conceptos relacionados co risco de posición e o risco de crédito de contraparte de determinados derivados de crédito (de enésimo non-pagamento), que se regulaban nos anexos da Directiva 2006/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e que tamén foron incorporados na Circular 12/2008.

Esta circular tamén recolle parcialmente o contido da Directiva 2009/83/CE da Comisión, no que se pode resumir como aclaracións e precisións de diferentes aspectos relacionados coas técnicas de redución do risco de crédito. Recóllense tamén cambios relativos ao risco operacional e ás obrigas de información, estas últimas referentes ás materias modificadas e engadidas. Nesta circular non se propoñen cambios sobre os conceptos que modifican a determinación das exixencias de recursos propios por risco de crédito baseadas en métodos internos (IRB), ao estar regulado ese risco para as empresas de servizos de investimento por referencia á Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, sobre a determinación e control dos recursos propios mínimos. Igualmente, con esta circular, os conceptos relacionados co risco de crédito das titulizacións regúlanse

tamén por referencia á citada circular do Banco de España e, en consecuencia, as modificacións futuras neste ámbito serán recollidas a través dela.

Na terceira e derradeira norma desta circular propóñense algúns cambios ou melloras cuxa orixe non está relacionada coa transposición das directivas mencionadas, senón que corresponden a modificacións provenientes da experiencia adquirida na aplicación práctica da Circular 12/2008. Con eles preténdese clarificar algunhas materias, como os conceptos que hai que considerar no cálculo de exixencias de recursos propios por gastos de estrutura, a exclusión de determinados fondos de investimento para efectos de coeficiente de grandes riscos, contas que hai que cobrar tamén para efectos do coeficiente de grandes riscos, precisión dos instrumentos que hai que considerar para efectos do risco de contraparte, a posible exixencia ás empresas de servizos de investimento por parte da CNMV de deducir dos seus recursos propios computables os créditos fiscais activados ou, finalmente, a obriga de publicar o informe sobre solvencia na páxina web da entidade ou grupo.

Por último, engádesse unha disposición adicional primeira para precisar a verificación que deben realizar expertos independentes nos casos en que as empresas de asesoramento financeiro (EAFI) sexan persoas físicas.

Esta circular dítase ao abeiro das habilitacións previstas nos artigos 70 e 70 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, nos cales se establece que regulamentariamente se determinarán os métodos de cálculo das exixencias de recursos propios por tipos de riscos, as ponderacións dos diferentes riscos e a información mínima obxecto de publicación sobre solvencia. Igualmente, establece o seu contido en virtude das previsións dos artigos 86, 87 e 94.6 e das disposicións derradeiras terceira e quinta do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras, onde se habilita a Comisión Nacional do Mercado de Valores para concretar o ámbito de aplicación, para establecer as condicións específicas de cómputo de recursos propios para o risco de crédito e contraparte, para establecer a frecuencia e forma das declaracións de control de recursos propios, definir os conceptos contables que deben integrar os recursos propios e as súas deducións e, con carácter xeral, para ditar as disposicións precisas para a debida execución do real decreto nas distintas áreas afectadas. Así mesmo, o artigo 21 do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento, establece os requisitos para obter e conservar a autorización das empresas de asesoramento financeiro, destacando entre eles o incluído na súa letra i), en que se prevé que contén con medios de organización, co alcance que determine a CNMV, e procedementos e órganos adecuados de control interno e de comunicación.

En consecuencia, en uso das facultades que na materia ten conferidas, de acordo co Consello de Estado e conforme o establecido no artigo 15 da Lei 24/1988, do 28 de xullo,

O Consello da Comisión do Mercado de Valores, na súa sesión do 21 de xaneiro de 2011, dispuxo:

Norma 1.<sup>a</sup> *Modificacións con orixe nas directivas 2009/27/CE e 2009/83/CE da Comisión.*—Como consecuencia da aprobación das directivas 2009/27/CE e 2009/83/CE da Comisión, introdúcense os seguintes cambios na Circular 12/2008, da CNMV, sobre solvencia das empresas de servizos de investimento e os seus grupos consolidables:

1. Modificación da redacción do último parágrafo do artigo 15 sobre coberturas internas do capítulo II sobre carteira de negociación:

«Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, cando unha entidade cubra unha posición non incluída na carteira de negociación mediante un derivado de crédito contabilizado na súa carteira de negociación, cobertura interna, só se poderá recoñecer como cobertura cando a entidade adquira protección dun terceiro e o derivado cumpra os requisitos establecidos na letra C do capítulo V sobre redución do risco de crédito. Sen prexuízo do previsto no segundo parágrafo do número 5 do

artigo 59, neste caso, ambas as posicións non estarán suxeitas aos requirimentos de recursos propios establecidos neste capítulo.»

2. Modificación do último parágrafo do artigo 19 do capítulo II sobre normas xerais para instrumentos concretos na carteira de negociación:

«Para a parte que transfire o risco de crédito, o «comprador de protección», as posicións en derivados de crédito en que a entidade comprou protección determinaranse como a imaxe reflectida do vendedor de protección, coa excepción dun bono con vinculación crediticia que non supón unha posición curta no emisor. Se nun momento determinado do contrato derivado hai unha opción de compra (call option) combinada cun incremento do custo (step up), ese momento será considerado o de vencemento da protección. No caso dos derivados de primeiro non-pagamento (first to default) e derivados de crédito de enésimo non-pagamento (nth-to-default), en lugar do principio de imaxe reflectida, aplicarase o tratamento que se expón a seguir:

Derivados de crédito de primeiro non-pagamento (first-to-default).—Cando unha entidade obteña protección de crédito respecto dunha serie de entidades de referencia subxacentes a un derivado de crédito coa condición de que o primeiro non-pagamento de entre os activos dará lugar ao pagamento e de que este evento de crédito extinguirá o contrato, a entidade poderá compensar o risco específico respecto da entidade de referencia a que corresponda a menor exixencia de capital por risco específico de entre as entidades de referencia subxacentes, conforme o cadro 1 do artigo seguinte.

Derivados de crédito de enésimo non-pagamento (nth-to-default).—En caso de que o enésimo non-pagamento de entre as exposicións dea lugar ao pagamento en virtude da protección crediticia, o comprador da protección unicamente poderá compensar o risco específico se tamén se obtivo protección para os non-pagamentos 1 a n-1 ou cando xa se produciron n-1 non-pagamentos. En tales casos, a metodoloxía exposta máis arriba en relación cos derivados de crédito de primeiro non-pagamento, aplicarase, convenientemente modificada, respecto dos produtos de enésimo non-pagamento.»

3. Modificación da redacción do número 7 do artigo 40 sobre posicións fronte a institucións polo método baseado en cualificacións crediticias, do capítulo III sobre risco de crédito:

«7. Cando se dispoña dunha avaliación crediticia efectuada por unha ECAI elixible, as posicións fronte a institucións con vencemento residual superior a tres meses recibirán unha ponderación de risco conforme o cadro 4, segundo o nivel asignado ás cualificacións crediticias das ECAI elixibles dentro dun baremo de cualificación de créditos de seis niveis.»

4. Modificación da redacción do número 9 do artigo 40 sobre posicións fronte a institucións polo método baseado en cualificacións crediticias, do capítulo III sobre risco de crédito:

«9. Cando se dispoña dunha avaliación crediticia efectuada por unha ECAI elixible, as posicións fronte a institucións con vencemento residual inferior ou igual a tres meses recibirán unha ponderación de risco de acordo co cadro 5, segundo o nivel asignado ás cualificacións crediticias das ECAI elixibles dentro dun baremo de cualificación de créditos de seis niveis.»

5. Precisión do título do artigo 48 sobre posicións en institucións e empresas e modificación da redacción do primeiro parágrafo deste artigo:

«Artigo 48. *Posicións a curto fronte a institucións e empresas con cualificacións crediticias a curto prazo.*

Cando se dispoña dunha avaliación crediticia a curto prazo efectuada por unha ECAI elixible, as posicións a curto prazo fronte a institucións, no caso en que se utilice o método baseado na cualificación crediticia previsto no artigo 40, ou empresas recibirán unha ponderación de risco de acordo co cadro 7, segundo o nivel asignado ás cualificacións crediticias das ECAI elixibles dentro dun baremo de cualificación de créditos de seis niveis:»

6. Engádesse un parágrafo ao número 5 do artigo 59 sobre criterios xerais e elección do método de cálculo:

«5. Cando unha entidade compre protección a través dun derivado de crédito incluído na carteira de negociación para a cobertura dunha posición non incluída nela ou para unha posición suxeita ao risco de crédito de contraparte, poderá calcular as súas exixencias de recursos propios para o activo cuberto conforme o previsto no capítulo V, sobre técnicas de redución do risco de crédito, estando suxeita á aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores cando así se estableza no citado capítulo. Neses casos, o valor de posición suxeito ao risco de crédito de contraparte para estes derivados de crédito establécese en cero.

Non obstante, as entidades poderán decidir a inclusión sistemática, para efectos do cálculo das súas exixencias de recursos propios por risco de contraparte, de todos os derivados de crédito incluídos na carteira de negociación que se adquirisen para cubrir posicións da carteira de negociación ou de posicións suxeitas a risco de crédito e contraparte, sempre que a cobertura do risco de crédito se recoñeza conforme o previsto nesta circular.»

7. Engádesse un novo parágrafo ao número 5 do artigo 72 sobre garantías elixibles:

«Se a institución de investimento colectivo non se limita a investir en instrumentos que poidan ser recoñecidos conforme os números 1 a 4 anteriores, as participacións poderán recoñecerse como garantías reais polo valor dos activos admisibles, asumindo que a institución interveu en activos non admisibles ata o límite máximo autorizado no seu folleto, regulamento ou estatutos. Naqueles casos en que os activos non admisibles poidan ter valor negativo, por posuír pasivos ou pasivos continxentes derivados da súa propiedade, a entidade deberá calcular o valor total dos activos non admisibles e deducirá do valor dos activos admisibles o dos non admisibles, no suposto de que este dea un resultado total negativo.»

8. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 73 sobre elixibilidade no método amplo de garantías reais de natureza financeira:

«Se a institución de investimento colectivo non se limita a investir en instrumentos que poidan ser recoñecidos conforme os números 1 a 4 do artigo 72 e nos elementos recollidos na letra a deste artigo, as participacións poderanse recoñecer como garantías reais polo valor dos activos admisibles, asumindo que a institución investiu en activos non admisibles ata o límite máximo autorizado no seu folleto, regulamento ou estatutos. Naqueles casos en que os activos non admisibles poidan ter valor negativo, por posuír pasivos ou pasivos continxentes derivados da súa propiedade, a entidade deberá calcular o valor total dos activos non admisibles e deducirá do valor dos activos admisibles o dos non admisibles, no suposto de que este dea un resultado total negativo.»

9. Modificación da redacción do número 2 do artigo 84, sobre requisitos para o recoñecemento como garantía real das pólizas de seguro de vida:

«2. Para o recoñecemento das pólizas de seguro de vida peñoradas a favor da entidade acreedora, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) A póliza de seguro de vida será peñorada ou cedida polo tomador do seguro á entidade acreedora sempre que no dito contrato non se designasen previamente beneficiarios con carácter irrevogable.

b) O tomador do seguro notificará por escrito á entidade aseguradora o peñoramento ou cesión da póliza, o que implicará a revogación do beneficiario previsto no contrato e, en consecuencia, a entidade aseguradora non poderá pagar os importes debidos conforme o contrato sen o consentimento da entidade acreedora.

c) A entidade acreedora, en caso de incumprimento por parte do prestameiro, poderá executar o peñor sobre o contrato de seguro e recibir os importes debidos conforme o contrato, ata cubrir o crédito non pagado.

d) A entidade acreedora será informada pola entidade aseguradora de calquera non-pagamento das primas en que incorra o tomador do seguro.

e) A garantía estenderase ata o vencemento do préstamo. Se isto non resulta posible dado que a cobertura da póliza conclúe antes do vencemento do préstamo, a entidade aseguradora comunicará este feito á acreedora, que poderá recibir a prestación asegurada, ata o importe necesario para cubrir o crédito garantido, e mantela como peñor irregular ata o vencemento do convenio de crédito. Unha vez vencida a débeda garantida, se non se produciu o incumprimento do debedor, o acreedor pignoraticio restituirá ao debedor os importes retidos en garantía, xunto cos xuros que devengaron.

f) O peñoramento ou cesión deberá ser xuridicamente efectiva e vinculante en todas as xurisdicións pertinentes no momento da subscrición do convenio de crédito.

g) O valor declarado de rescate estará expresamente previsto na póliza.

h) O tomador do seguro non poderá reclamar o valor de rescate sen o consentimento da entidade acreedora.

i) A empresa aseguradora deberá estar autorizada nalgún Estado membro da Unión Europea ou estará establecida como sucursal en España, se se trata dunha entidade aseguradora domiciliada nun país terceiro.»

10. Modificación do contido do número 3 do artigo 85 sobre coberturas do risco de crédito con garantías persoais e valores de débeda:

«3. Contra garantías de soberanos e doutras entidades do sector público.— Cando unha posición estea protexida por unha garantía persoal que, pola súa vez, estea contra garantida por unha administración central ou un banco central, unha administración rexional ou unha autoridade local, unha entidade do sector público cuxos créditos se consideren créditos fronte á administración central en cuxo territorio se encontren establecidos, consonte o método estándar, un banco multilateral de desenvolvemento ou unha organización internacional aos cales se aplique unha ponderación de risco nula (do 0 por 100), consonte tamén o método estándar, ou unha entidade do sector público cuxos créditos se consideren créditos fronte a entidades de crédito, conforme o método estándar, a posición poderase considerar protexida por unha garantía proporcionada pola entidade en cuestión sempre e cando se cumplan os seguintes requisitos:

a) A contra garantía cubrirá todos os elementos de risco de crédito para ese crédito.

b) Tanto a garantía orixinal como a contra garantía cumprirán todos os requisitos aplicables ás garantías de sinatura que se recollen nos números anteriores deste artigo, salvo a obriga de que a contra garantía sexa directa.

c) A Comisión Nacional do Mercado de Valores comprobará que a cobertura sexa sólida e que non existan probas históricas que indiquen que a cobertura da

contra garantía sexa menos eficaz ca unha garantía persoal directa da entidade en cuestión.

O tratamento recollido neste número aplicarase tamén a un risco contra garantido por entidades distintas das enumeradas, se a contra garantía do risco está, pola súa vez, garantida por unha das entidades enumeradas e se cumpren as condicións recollidas neste número.»

11. Precisión do contido do número 1 do artigo 91 sobre garantías reais de natureza financeira:

«1. O método simple para as garantías reais de natureza financeira unicamente se poderá utilizar cando as posicións ponderadas por risco se calculen conforme o método estándar. As entidades non empregarán á vez o método simple e o método amplo para as garantías reais de natureza financeira, salvo nos casos previstos baixo o método IRB. Neses casos deberán acreditar á Comisión Nacional do Mercado de Valores que a aplicación excepcional de ambos os métodos non se utiliza de maneira selectiva co fin de reducir as exixencias de recursos propios nin dá lugar a ningunha arbitraxe regulatoria.»

12. Precisión da redacción do número 3 do artigo 91 sobre garantías reais de natureza financeira:

«3. A ponderación de risco que se asignaría conforme o método estándar se o acredor tivese unha posición directa no instrumento de garantía real aplicarase a aquelas partes dos créditos que se encontren sustentadas polo valor de mercado dunha garantía real recoñecida. Para estes efectos, o valor dunha posición fóra de balance, das previstas na letra A do anexo I desta circular, será do 100 por 100 do seu valor, e non o valor previsto no artigo 30 para as citadas posicións. A ponderación de risco da parte garantida será dun mínimo do 20 por 100, excepto nas condicións recollidas nos números 4 a 6 seguintes. Atribuirase ao resto da posición a ponderación de risco que se asignaría a unha posición non garantida fronte á contraparte conforme o método estándar.»

13. Precisión do contido do número 2 do artigo 97 sobre o cálculo das posicións ponderadas por risco e das perdas esperadas:

«2. Método estándar:

a) Protección plena.—Para efectos da asignación de ponderacións prevista no número 1 do artigo 32, «g» será a ponderación de risco que se asignará a unha posición cuxo valor (E) estea plenamente cuberto con garantías persoais (GA), sendo:

E: o valor de posición conforme o método estándar; para estes efectos, o valor de posición dunha partida fóra de balance, prevista na parte A do anexo I desta circular, será do 100 por 100 do seu valor, e non o valor previsto no artigo 30 para as citadas posicións.

g: a ponderación de risco das posicións fronte ao provedor de cobertura especificado no método estándar.

GA: o valor de  $G^*$  calculado conforme o número 2 do artigo 96 e posteriormente axustado para calquera desfase de vencemento conforme a letra E deste capítulo.

b) Protección parcial-igual preferencia.—Cando o importe protexido sexa inferior ao valor de posición e tanto a parte protexida como a non protexida sexan de igual preferencia —isto é, cando a entidade e o provedor de protección compartan as perdas a pro rata—, concederanse reducións de exixencias de recursos propios

de maneira proporcional. Para efectos do artigo 32, as posicións ponderadas por risco calcularanse conforme a seguinte fórmula:

$$(E-GA) \times r + GA \times g$$

Sendo:

E: valor de posición conforme o método estándar; para estes efectos, o valor de posición dunha partida fóra de balance, prevista na parte A do anexo I desta circular, será do 100 por 100 do seu valor, e non o valor previsto no artigo 30 para as citadas posicións.

GA: o valor de  $G^*$  calculado conforme o número 2 do artigo 96 e posteriormente axustado para calquera desfase de vencemento conforme o punto E, deste capítulo.

r: a ponderación de risco das posicións fronte ao debedor conforme o especificado no método estándar.

g: a ponderación de risco das posicións fronte ao provedor de cobertura especificado no método estándar.

c) Garantías soberanas.–Poderase utilizar o tratamento previsto nos números 4 e 5 do artigo 35 ás posicións ou partes de posicións garantidas pola administración central ou o banco central cando a garantía se denomine na divisa do prestameiro e a exposición estea financiada nesa mesma divisa.»

14. Precisión do contido do artigo 127 sobre o cálculo das exixencias de recursos propios por risco operacional no método estándar:

«MÉTODO ESTÁNDAR.

Artigo 127. *Requirimentos de recursos propios.*

As empresas de servizos de investimento ou os seus grupos consolidables poderán aplicar, logo de solicitude á Comisión Nacional do Mercado de Valores, o método estándar baseado en liñas de negocio. Na solicitude detallarase, ademais do cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 128, 129 e 130 deste capítulo, a segmentación de actividades e os compoñentes dos ingresos relevantes para cada liña de negocio.

Para poder aplicar o método estándar, as empresas de servizos de investimento ou os seus grupos consolidables aos cales sexa aplicable a exixencia de recursos propios por risco operacional deberán cumprir os criterios establecidos neste artigo e seguintes. Para isto, dividirán as súas actividades en liñas de negocio e aplicarán os coeficientes que se detallan no artigo 128.

Os requirimentos de recursos propios segundo o método estándar calcularanse como a media de tres anos, da agregación dos requirimentos de capital de todas as liñas de negocio previstas no artigo 128. Nun ano dado, un requirimento de recursos propios negativo (resultante de ingresos brutos negativos) en calquera das liñas de negocio poderá compensar os requirimentos positivos das restantes liñas de negocio sen límite ningún. Porén, se a agregación dos requirimentos de recursos propios de todas as liñas de negocio nun determinado ano resulta negativa, a dita agregación tomará no numerador o valor cero para o dito ano.

A expresión matemática destes requirimentos de recursos propios é:

$$\{S \text{ anos } 1-3 \max[S(GI1-6 \times b1-6), 0]\} / 3$$

Onde:

GI1-6 = indicadores de risco operacional de cada liña de negocio cos seus correspondentes signos (+/-). Suma dos ingresos netos por xuros e os ingresos netos non correspondentes a xuros para cada liña de negocio.

b1-6 = porcentaxes sinaladas para cada liña de negocio no artigo seguinte.

Os indicadores de risco operacional de cada liña de negocio en cada ano determinaranse sobre a base das respectivas contas de resultados, da empresa de servizos de investimento ou grupo, nos tres últimos exercicios financeiros completos na data de referencia da declaración. Cando non se completase un exercicio completo servirán de base de cálculo os datos incluídos no seu plan de negocio e, cando non se dispoña de cifras auditadas, poderanse utilizar estimacións razoables convenientemente xustificadas e documentadas.

Os indicadores de risco operacional de cada liña de negocio en cada ano determinaranse sobre a base das respectivas contas de resultados, da empresa de servizos de investimento ou grupo, nos tres últimos exercicios financeiros completos na data de referencia da declaración. Cando non se completase un exercicio completo servirán de base de cálculo os datos incluídos no seu plan de negocio e, cando non se dispoña de cifras auditadas, poderanse utilizar estimacións razoables convenientemente xustificadas e documentadas.»

15. Precisión do contido do segundo parágrafo do artigo 134 sobre o cálculo das exixencias de recursos propios por risco operacional por métodos avanzados:

«As estimacións do risco operacional xeradas internamente basearanse nun período histórico mínimo de observación de cinco anos, que se poderá reducir a tres anos cando se comece a utilizar un método avanzado de medición.

Deberán poder asignar o seu historial de datos internos de perdas ás liñas de negocio definidas no artigo 128 e aos tipos de eventos definidos no artigo 138, e estar en condicións de facilitar estes datos á Comisión Nacional do Mercado de Valores cando esta llelo requira. Os eventos xeradores de perdas que afecten a entidade no seu conxunto poderanse asignar a unha liña de negocio adicional denominada «elementos corporativos» en razón de circunstancias excepcionais. Deberá contar con criterios obxectivos e documentados para a asignación das perdas ás liñas de negocio e aos tipos de eventos especificados. As perdas por risco operacional que estean relacionadas co risco de crédito e historicamente se inclúsen nas bases de datos internas de risco de crédito deberanse rexistrar nas bases de datos de risco operacional e identificarse por separado. Estas perdas non estarán suxeitas aos requirimentos de recursos propios por risco operacional, sempre que sigan tratándose como risco de crédito para calcular os requirimentos de recursos propios mínimos. Polo contrario, si estarán suxeitas aos ditos requirimentos as perdas por risco operacional que estean relacionadas con riscos de mercado.

Os datos internos de perdas da empresa de servizos de investimento ou grupo deberán ser completos e incluír a totalidade das actividades e posicións importantes de todos os subsistemas e localizacións xeográficas pertinentes. Só se poderán excluír as actividades ou posicións que, tanto de forma individual como conxunta, non terían un efecto importante sobre as estimacións xerais de risco operacional. Para isto, deberanse definir limiares de perdas mínimos apropiados para a recompilación de datos internos de perdas por risco operacional.

Á parte da información sobre perdas brutas, deberase recompilar información sobre a data do evento, calquera recuperación con respecto aos importes brutos das perdas, así como información de carácter descritivo sobre os factores desencadeantes ou as causas do evento que dá lugar á perda.

Haberá criterios específicos para a asignación de datos de perdas procedentes de eventos sucedidos nunha unidade centralizada ou nunha actividade que inclúa máis dunha liña de negocio, así como os procedentes de eventos relacionados ao longo do tempo.

Deberán contar con procedementos documentados para avaliar en todo momento a relevancia dos datos históricos de perdas, considerando situacións en que se utilicen excepcións discrecionais, axustes de proporcionalidade ou outro tipo



de axustes, así como o grao en que se poidan utilizar e o persoal autorizado para tomar esas decisións.»

16. Precísase o límite do 20 por 100 de redución do risco por seguros e outros mecanismos de transferencia do risco substituíndo o último parágrafo do artigo 137, sobre o tratamento dos seguros no cálculo das exixencias de recursos propios por risco operacional, co seguinte contido:

«A redución dos requirimentos de recursos propios por risco operacional como consecuencia do recoñecemento dos seguros e outros mecanismos de transferencia do risco non superará o 20 por 100 dos requirimentos de recursos propios por risco operacional antes do recoñecemento das técnicas de redución do risco.»

17. Dáse nova redacción á letra p) do número 12 do artigo 153, sobre información que se divulgará ao mercado, cuxo texto íntegro se reproduce a continuación:

«p) Risco de carteira negociación: modelos internos: cada entidade divulgará a seguinte información para o cálculo das súas exixencias de recursos propios, de conformidade cos modelos internos previstos nos artigos 26 a 28:

i. Para cada subcarteira cuberta:

As características dos modelos utilizados.

Unha descrición das probas de tensión aplicadas á subcarteira.

Unha descrición dos métodos utilizados para contrastar e validar a fiabilidade e coherencia dos modelos internos e dos procesos de modelización.

ii. O alcance da aceptación por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

iii. Descrición dos niveis e as metodoloxías de cumprimento dos criterios establecidos no artigo 27 desta circular.

iv. As medidas máxima, mínima e mediana diarias do valor en risco durante o período de referencia e a medida do valor en risco no momento do peche do período.

v. Unha comparación das medidas diarias do valor en risco no momento do peche coas variacións diarias do valor da carteira ao final do día hábil seguinte, xunto cunha análise de calquera exceso importante durante o período de referencia.»

18. Engádese un parágrafo á letra q) do número 12 do artigo 153, sobre información que se divulgará ao mercado:

«q) Risco operacional: as entidades divulgarán a seguinte información sobre o risco operacional:

i. Os métodos para avaliar as exixencias de recursos propios correspondentes ao risco operacional para as cales a entidade está autorizada.

ii. Unha descrición da metodoloxía establecida para o uso de métodos de medición avanzada baseados nos seus propios sistemas de medición do risco operacional, se é utilizada pola entidade, incluída unha discusión de factores internos e externos pertinentes considerados na metodoloxía de cálculo da entidade. No caso de utilización parcial, o alcance e a cobertura dos distintos métodos utilizados.

As entidades que utilicen métodos avanzados, establecidos nos artigos 131 e seguintes desta circular, para o cálculo dos seus requirimentos de recursos propios por risco operacional, describirán o uso dos seguros e outros mecanismos de transferencia do risco para efectos de redución do dito risco.»

Norma 2.<sup>a</sup> *Modificación do capítulo VI da Circular 12/2008, da CNMV, sobre exixencias de recursos propios por risco de crédito de titulización e remisión do contido deste capítulo á sección cuarta do capítulo cuarto da Circular 3/2008, do Banco de España, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.*—Modifícase o artigo 103 do capítulo VI da Circular 12/2008, sobre exixencias de recursos propios por risco de crédito de titulización. Os artigos 104 a 116 quedan sen contido. O artigo 103 terá a seguinte redacción:

«Artigo 103.

Para o cálculo das exixencias de recursos propios por risco de crédito de titulización atenderase ao disposto na sección cuarta do capítulo cuarto da Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos. Para estes efectos, as referencias realizadas a entidades de crédito ou os seus grupos consolidables entenderanse realizadas ás empresas de servizos de investimento ou os seus grupos consolidables, e as referencias ao Banco de España entenderanse realizadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Norma 3.<sup>a</sup> *Outros cambios, precisións ou correccións no texto actual da Circular 12/2008 para facilitar a súa comprensión e aplicación.*

1. Engádese un novo número 4 ao artigo 4, sobre deducións dos recursos propios coa seguinte redacción:

«4. Nos casos en que as empresas de servizos de investimento ou os seus grupos consolidables activasen créditos fiscais, como consecuencia de perdas xeradas no exercicio, que a xuízo da Comisión Nacional do Mercado de Valores non respondan a un feito extraordinario ou contén cunha alta probabilidade de recuperación, mediante a xeración de resultados positivos en exercicios posteriores, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir, nos casos en que observe unha deterioración significativa dos recursos propios computables ou unha dificultade para a súa recuperación, que tales entidades deduzan dos seus recursos propios computables os importes efectivos dos créditos fiscais recoñecidos no balance. Para tal efecto a Comisión Nacional do Mercado de Valores terá en consideración na súa revisión as posibles opcións de consolidación fiscal do grupo e os efectos que dela deriven para a entidade ou o grupo.»

2. Engádese un novo parágrafo ao final do número 1 do artigo 9, sobre o cálculo dos gastos de estrutura, e elimínase a última liña do número 1. O citado número queda redactado da seguinte forma:

«1. Para o cálculo dos recursos propios necesarios en función do nivel de actividade, consideraranse gastos de estrutura as rúbricas, do estado M2 da Circular 7/2008, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre normas contables, seguintes:

- Gastos de persoal, Debe 6.
- Gastos xerais, Debe 7.
- Outras cargas de explotación, Debe 8.
- Contribucións e impostos, Debe 9.
- Amortizacións do inmovilizado, Debe 10.

Para os efectos da determinación da base de cálculo das exixencias de recursos propios por nivel de actividade, os importes contabilizados como gastos de persoal no debe da conta de resultados poderán minorarse na contía dos gastos que correspondan a retribucións variables ao persoal. A citada redución poderase realizar só cando a verdadeira natureza das ditas retribucións non presenten, en

parte ou en todo, un compoñente fixo dos gastos ou compromisos asumidos co persoal. Para estes efectos, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá analizar e determinar, se é o caso, o carácter non variable desas retribucións.»

3. O terceiro parágrafo do artigo 17 –excepcións aos requirimentos de recursos propios por riscos da carteira de negociación– queda redactado da seguinte forma:

«Non obstante, cando as entidades non veñan aplicando as disposicións deste capítulo e superen os limiares do 6 % da súa actividade total ou de 20 millóns de euros, antes citados, poderán solicitar da Comisión Nacional do Mercado de Valores continuar non aplicándoas, sempre que no período de observación de seis meses inmediatamente anterior á súa solicitude non superasen, durante o 75 % dos días, os limiares do 5 % da súa actividade total ou 15 millóns de euros.»

4. O artigo 25 «Exixencias de recursos propios por risco de contraparte», pasa a ser o artigo 59 bis.

5. O punto III do número 2 do artigo 58 queda redactado da seguinte forma:

«III. Contratos de natureza análoga aos mencionados nos números i a v do punto I e nos números i a iv do punto II relativos a outros índices ou instrumentos de referencia. Para estes efectos entenderase como contratos de natureza análoga, polo menos, os seguintes instrumentos:

a) Contratos de opcións, futuros, permutas («swaps»), acordos de tipos de xuro a prazo e outros contratos de derivados relacionados con valores, divisas, tipos de xuro ou rendementos, ou outros instrumentos derivados, índices financeiros ou medidas financeiras que se poidan liquidar en especie ou en efectivo.

b) Contratos de opcións, futuros, permutas («swaps»), acordos de tipos de xuro a prazo e outros contratos de derivados relacionados con materias primas que se deban liquidar en efectivo ou que se poidan liquidar en efectivo por petición dunha das partes (por motivos distintos ao incumprimento ou a outro suceso que leve á rescisión do contrato).

c) Contratos de opcións, futuros, permutas («swaps») e outros contratos de derivados relacionados con materias primas que se poidan liquidar en especie, sempre que se negocien nun mercado regulado ou sistema multilateral de negociación (SMN).

d) Contratos de opcións, futuros, permutas («swaps»), acordos de tipos de xuro a prazo e outros contratos de derivados relacionados con materias primas que poidan ser liquidados mediante entrega física non mencionados na letra c anterior e non destinados a fins comerciais, que presentan as características doutros instrumentos financeiros derivados, tendo en conta, entre outras cousas, se se liquidan a través de cámaras de compensación recoñecidas ou son obxecto de axustes regulares das marxes de garantía.

e) Contratos financeiros por diferenzas.

f) Contratos de opcións, futuros, permutas («swaps»), acordos de tipos de xuro a prazo e outros contratos de derivados relacionados con variables climáticas, gastos de transporte, autorizacións de emisión ou tipos de inflación ou outras estatísticas económicas oficiais, que se deban liquidar en efectivo ou que se poidan liquidar en efectivo, á elección dunha das partes (por motivos distintos ao incumprimento ou a outro suceso que leve á rescisión do contrato), así como calquera outro contrato derivado relacionado con activos, dereitos, obrigacións, índices e medidas non mencionados nas letras anteriores, que presentan as características doutros instrumentos financeiros derivados, tendo en conta, entre outras cousas, se se negocian nun mercado regulado ou SMN, se liquidan a través de cámaras de compensación recoñecidas ou son obxecto de axustes regulares das marxes de garantía.»

6. Engádese unha nova letra t) ao número 1 do artigo 145 sobre excepcións aos límites coa seguinte redacción:

«t) As posicións mantidas en fondos e sociedades de investimento colectivo de carácter financeiro autorizados de acordo co previsto na Directiva 85/611/CEE do Consello, do 20 de decembro de 1985, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios, así como noutros fondos ou sociedades de investimento non harmonizados que polas súas características de diversificación se poidan considerar equivalentes aos anteriores.»

7. O número 2 do artigo 145 quedará redactado da seguinte forma:

«2. Non estarán suxeitas aos límites previstos no artigo 144 anterior durante o prazo de seis meses desde o seu rexistro contable, as contas que se cobrarán, netas de impostos, derivadas de facturación de actividades ordinarias das empresas de servizos de investimento ou os seus grupos.»

8. O número 7 do artigo 153, sobre información ao mercado, queda redactado da seguinte forma:

«7. As entidades poderán determinar o modo de verificación máis adecuado co fin de cumprir efectivamente os requisitos de divulgación establecidos neste capítulo. Todas as entidades que contén ou teñan obriga de manter unha páxina web deberán realizar as divulgacións en cumprimento do previsto neste capítulo a través da páxina web da propia empresa de servizos de investimento ou, se é o caso, na páxina web do grupo consolidable a que esta pertenza.»

Disposición adicional primeira.

Con base no establecido no artigo 21 do Real decreto 217/2008, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento, as empresas de asesoramento financeiro (en diante, EAFI) que sexan persoas físicas deberán achegar á CNMV a través do servizo CIFRADO/CNMV, aprobado polo acordo do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores do 15 de setembro de 2006, ou outro equivalente, dentro dos primeiros catro meses seguintes ao peche de cada exercicio, un informe elaborado por un experto independente debidamente inscrito no rexistro oficial de auditores de contas. O informe conterá unha opinión sobre a veracidade e fiabilidade das informacións contidas no estado SEAFI1, recollido na Circular 7/2008, do 26 de novembro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital-risco. En concreto, o informe referirase ás informacións contidas nas letras B) Número de empregados, C) Reclamacións recibidas, D) Patrimonios asesorados, E) Número de clientes e F) Ingresos por comisións do estado SEAFI1 recollido na citada Circular 7/2008 e referido a 31 de decembro.

No caso de que xurdan diferenzas entre a información remitida previamente á CNMV no estado SEAFI1 e o informe a que fai referencia esta norma, a EAFI deberá informar con carácter inmediato a CNMV no momento en que se coñeza a existencia de tales diferenzas, remitindo para isto o estado SEAFI1 debidamente rectificado.

Adicionalmente, o informe conterá unha manifestación explícita sobre:

A existencia e idoneidade dun rexistro de clientes, un rexistro de contratos ou outros documentos que acrediten de forma fidedigna as recomendacións realizadas, un rexistro de conflitos de intereses que xurdisen ou poidan xurdir no desenvolvemento das súas actividades e un rexistro de operacións persoais, tal e como se menciona nas letras e) e f) da norma 2.<sup>a</sup> da Circular 10/2008, sobre empresas de asesoramento financeiro.

Os valores, instrumentos ou efectivo propiedade dos clientes que non poderán estar, nin sequera de forma transitoria, en poder da EAFI.

A aplicación correcta das tarifas establecidas.

De forma resumida, o alcance do traballo realizado.

Disposición adicional segunda.

Mediante esta circular incorpórase ao noso dereito a Directiva 2009/27/CE da Comisión, do 7 de abril, pola que se modifican determinados anexos da Directiva 2006/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta ás disposicións técnicas relativas á xestión de riscos, e a Directiva 2009/83/CE da Comisión, do 27 de xullo, pola que se modifican determinados anexos da Directiva 2006/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta ás disposicións técnicas relativas á xestión de riscos.

Disposición derradeira.

Esta circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de xaneiro de 2011.—O presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores, P.S. (Lei 24/1988, do 28 de xullo), o vicepresidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores, Fernando Restoy Lozano.